

FONDO LIBROS E AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020-2021

Convócanse tres tipos de axudas:

1.- **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:** pode solicitalo o alumnado que vaia cursar 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (curso 2020-2021)

- Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 6 LIBROS

- Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 4 LIBROS

- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%. 6 LIBROS, con independencia da renda.

2.- **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:** pode solicitalo o alumnado que vaia cursar 1º e 2º curso de educación primaria (curso 2020-2021)

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €

- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €

- Para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% a contía das axudas será de 275€, con independencia da renda.

3.- **AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:** Todo o alumnado de primaria do curso 2020-2021.

Pode solicitalo todo o alumnado matriculado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: 50 €

Para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% a contía das axudas será de 50€, con independencia da renda.

d) Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ao cal se refire a disposición adicional segunda desta orde:

- Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €

2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €

3. A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € será de 50 €

IMPORTANTE: terase en conta a renda 2018 para o cálculo da renda per cápita familiar.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: 20 de maio ao 19 de xuño de 2020 incluídos. Non se recollerán solicitudes que non presenten a documentación requerida.

FONDO LIBROS E AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación, unha única solicitude para todos os fillos, agás na presentación telemática:

a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) **Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables.**

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.**

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) **Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido** por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) **Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**

f) **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores**, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia**, no caso de que o pai e a nai ou titor ou titores carezan de DNI e NIE.

A documentación complementaria (que se xunte coa solicitude) presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Renda per cápita da unidade familiar

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2018** entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de **sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza**, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, **sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460)**; cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar

1. Para os efectos desta orde, **terán a consideración de membros computables da unidade familiar:**

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

2. **Cando non exista vínculo matrimonial**, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

4. En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2018, agás no relativo á violencia de xénero, caso en que se aplicará o disposto na lexislación específica.